

Previsión de actividades do Parlamento de Galicia para este xoves, 6 de abril de 2017

Ourense

10,30 h.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, asiste ao acto de entrega do IV Premio Estatuto de Autonomía de Galicia de debuxo e redacción escolar, organizado pola Deputación de Ourense. No Centro Cultural Marcos Valcárcel, en Ourense.

Parlamento de Galicia

Acto de entrega das Medallas do Parlamento de Galicia aos integrantes da Comisión dos 16, coincidindo co 36 aniversario da promulgación do Estatuto de Autonomía de Galicia

18,40 h.- Os galardoados asinan no Libro de Ouro do Parlamento de Galicia, acompañados polos presidentes da Xunta e do Parlamento. Na Biblioteca Carballo Calero.

- o Foto de familia na Biblioteca Carballo Calero. **Gráficos**

19,00 h.- Inicio do acto de entrega das Medallas do Parlamento de Galicia 2017 aos integrantes da Comisión dos 16, autores do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia. No Salón dos Reis do Parlamento de Galicia.

- o Lectura do acordo polo que se conceden estas Medallas a cargo da secretaria da Mesa da Cámara.

- o Intervención do presidente do Parlamento de Galicia.
- o **Imposición e entrega das Medallas** aos integrantes da Comisión dos 16. Nalgúns casos, como as medallas a título póstumo, serán recollidas por familiares.

Durante o acto, e en representación dos 16 galardoados, tomarán a palabra as seguintes persoas:

- D. Fernando Solla Fernández
- D. Camilo Nogueira Román
- D. Luis Sobrado Fernández
- D. José Vázquez Fouz
- D. Francisco Puy Muñoz
- D. Pablo González Mariñas
- D. Víctor Vázquez Portomeñe

(A selección dos oradores e orde das intervencións foi acordada polos propios galardoados)

- o Intervención do presidente da Xunta de Galicia.
 - **Foto de Familia** no propio escenario do acto.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.